

DOMINGO 28 DE OUTUBRO

ROTEIRO: O OSO PARDO, DE VOLTA NO COUREL

**ROTEIROS
ADEGA LUGO
2018 - 2019**

FAUNA D'AQUÍ

SECEDA - FERREIRÓS DE ABAIXO

Sairemos da aldea medieval de Seceda, única aldea de Galicia, xunto con Froxán (tamén no Courel), declarada Ben de Interese Cultural. Durante a primeira metade do roteiro percorrерemos en descenso o máis profundo do Canón do río Louzara, ata a Ponte de Súdrios, por ela cruzaremos para o Canón do Río Lor, polo que ascenderemos ata a Aldea de Ferreirós de Abaixo onde remataremos o roteiro. Durante todo o percorrido poderemos observar, e ata tocar, innumerables alvarizas ou alvares, estruturas circulares, muros de pedra seca para impedir o ataque dos osos ás colmeas. Andaremos os camiños dos osos, sucesión interminable de uceiras, soutos e bosques de ribeira ao compás do son das cachoeiras e fervezas. Acuedutos de Lousadela e Cabanelas, pontes e máis pontes, cabanas, camiños e carreiros que se cruzan diante de nós, fermosos remansos a cada paso. Penas calías das Mulas no medio do Lor, restos dunha freita ciclópea nun tempo sen memoria. Colabora: Sos Courel, Fundac. Oso Pardo e AGCT. Lonxitude: 14 km. Dificultade: media.

*Os Sudrios escuros
Sudrios núos entre Lor e Lóuzara
didiante A muller morta*

("Os Eidos", Uxío Novoneyra)

Reserva praza: Web: <https://roteirosadegalugo.wordpress.com>
Teléfonos: 982.240.299 / 670.260.440

Saída: Avenida de Ramón Ferreiro (Fac. Formación do Profesorado) ás 9:00h.

Prezos: Xeral 18€ / Socios-socias 12€ / Estudantes ou en paro 15€ / Ata 14 anos 5€.

Os roteiros son de xornada completa.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s.

As prazas asignaranse por orde de inscrición, antes do venres da semana do roteiro.

PRÓXIMOS ROTEIROS



+info:
<http://roteirosadegalugo.wordpress.com>
ou
<http://adega.gal>

